

RESOLUCIÓN DA ALCALDIA

ASUNTO: CONVOCATORIA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO CORRESPONDENTE AO DIA 30 DE SETEMBRO DE 2026

EXPEDIENTE NÚMERO: 2026/G010/000005

Acordado na sesión plenaria que tivo lugar o 12 de xullo de 2023, a periodicidade e o horario das sesións ordinarias do Pleno do Concello.

Consonte coas atribucións concedidas á alcaldesa polo artigo 21.1 c) da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL), esta alcaldía RESOLVE:

Convocar a sesión ordinaria do Pleno do Concello, que terá lugar na data, hora e para os asuntos a tratar que se indican na seguinte orde do día.

Día: 30 de setembro de 2026.

Hora: 09:00 horas.

Lugar: sala de sesións da Casa do Concello.

A partir desta data ten vde. ao seu dispor, nas dependencias municipais, os antecedentes relacionados cos asuntos que figuran na seguinte,

ORDE DO DÍA

A) Sección resolutiva

1º. Aprobación da acta da sesión ordinaria celebrada o 19 de agosto de 2026.

2º. Ditame sobre solicitude de bonificación do ICIO presentada por D. Ismael Quintáns Pose por mor das obras de construción de corte aberta, situada en Subeiro, parroquia de Serramo.

3º. Ditame sobre aprobación inicial do expediente de modificación de créditos num. 2026/SC/02, na modalidade de suplemento de crédito.

4º. Ditame sobre a moción presentada polo grupo municipal do BNG para a coordinación das obras da DP-9203 coa implantación do saneamento en Caxadas, Roalo, Cerbán e Padreiro e a mellora da seguridade peonil en Padreiro.

5º. Ditame sobre a moción presentada polo grupo municipal do BNG referente á modificación do emprazamento da pista multideporte prevista no POS+ adicional 2026 e para o estudo da ampliación do parque municipal de Vimianzo.

B) Sección de control

6º. Dación de conta de resolucións da Alcaldía-Presidencia.

7º. Mocións de urxencia.



8º. Rogos e preguntas.

Así o manda e asina a Sra. Alcaldesa en Vimianzo, do que eu, secretario xeral, dou fe.

A alcaldesa

Mónica Rodríguez Ordóñez
(documento asinado dixitalmente)

Diante de min
O secretario xeral
Francisco Javier Novoa Juiz